

## NOVO CALENDARIO PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN CURSO 2020/2021

### LEXISLACIÓN AO RESPECTO:

- Decreto 254/2012 (DOG 26-12-12)
- Orde do 12 de marzo 2013 (DOG 15-3-13)
- Orde do 25 de xaneiro 2017 (DOG 1-2-17)

### CALENDARIO DE ADMISIÓN:

<b>Publicación de vacantes</b>	<b>Antes do 1 de Marzo</b>
<b>Presentación de solicitudes de admisión (Novo prazo)</b>	<b>Nova apertura do periodo de admisión do 11 ao 18 de maio. A solicitude presentarse por norma xeral de forma telemática. Para aquelas persoas que excepcionalmente non o poidan facer de este modo, presentarse a solicitude na secretaría do Centro e é imprescindible rexistro de entrada para posibles reclamacións.</b>
<b>Relación de solicitudes admitidas ou pendentes de baremación</b>	<b>19 de maio</b>
<b>Entrega documentación xustificativa para baremación</b>	<b>Ata o 26 de maio</b>
<b>Listaxe provisional de admitidos</b>	<b>Antes do 9 de xuño</b>
<b>Prazo de reclamacións ante o Consello Escolar</b>	<b>3 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación da listaxe provisional</b>
<b>Listaxe definitiva</b>	<b>Ata o 26 de xuño</b>
<b>Formalización de matrícula</b>	<b>1-10 de Xullo</b>

### **NOTA IMPORTANTE:**

Só se pode presentar unha única solicitude no centro no que se solicita praza en primeiro lugar. Non será posible, unha vez entregada, modificar os centros relacionados nin a súa orde de relación.

A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova, indicando expresamente por escrito que quedan se efecto a/s presentadas/s con anterioridade.

A renuncia a unha solicitude de admisión rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.

### **HORARIO DE SECRETARÍA:**

**De luns a vernres de 09:00-14:00h.**

Na nosa páxina web, <http://edu.xunta.es/centros/ceipisidroparga> poden ver as nosas dependencias, horarios e organigrama.

No apartado de Secretaría/Admisión curso 2020/2021 atoparán información sobre o proceso de admisión así como o anuncio de que as listaxes están listas. Este ano como novidade e seguindo as *Instruccións da dirección xeral de centros e recursos humanos sobre o proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con Fondos públicos para o curso 20/21*, a consulta das familias só se poderán realizar de forma presencial na secretaría do centro ou a través da aplicación

admisión alumnado empregando a chave 365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre.

### **CENTRO DE SECUNDARIA AO QUE ESTAMOS ADSCRITOS:**

“I.E.S. M<sup>a</sup> CASARES” de Bastiaqueiro.

### **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:**

- Transporte escolar (Entrada e Saída)(XUNTA)
- Programa madrugadores e servizo de comedor (ANPA)
- Extraescolares tardes luns a venres de 16:00h. a 18:00h.(ANPA)

### **IMPRESOS DE SOLICITUDE:**

Os impresos de solicitude, modelo formalizado (ED550B) poderán recollelos na Secretaría do centro a partir do día 1 de marzo, e tamén estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) e na páxina web da consellería de Educación (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/21113>)

As solicitudes de admisión, unha vez cubertas a man ou a través da aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) presentaranse **na Secretaría do Centro indicado como primeira opción**, en horario de Secretaría.

### **PARA CUBRIR OS IMPRESOS:**

- A solicitude deber ser asinada por calquera dos proxenitores, agás no caso de separación ou divorcio no que deberán asinar os dous e presentar a resolución xudicial correspondente para o cotexo no centro educativo.
- Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor/a que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, e os fillos/as menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor/a non contribúa economicamente ao seu sustento. No caso de familia formada por viúvo/a só debe considerarse monoparental aquela que non teña concedida unha pensión de viuvez, nin os fillos/as a correspondente de orfandade. Como novidade, este ano, para a baremación de este apartado é necesario un certificado de recoñecemento por parte da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- Para o efecto da valoración da Renda na baremación, tódolos datos fiscais refírense ao ano 2018.
- Se presentaron Declaración da Renda, hai que sumar as casillas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) das declaracións do 2018 de tódalas persoas da unidade familiar que obtiveran ingresos, dividido entre o número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2020. Se non presentaron a Declaración da Renda, certificado de non tela presentada e documentación que xustifique os ingresos do ano 2018 (Certificado de haberes).
- O IPREM do 2018 é de 6454,03 €

Importe da suma das casillas 435 e 460 ou ingresos do 2016 dividido entre os membros da unidade familiar	PUNTOS
Inferiores a 3227,01 euros	3
Entre 3227,02 euros e 4765,52 euros	2

Entre 4765,52 euros e 6454,03 euros	1
Igual ou Superior a 6454,03 euros	0

- Na solicitude, na columna “puntuación”, os solicitantes deben cubrir os datos numéricos, realizando unha autobaremación.  
Esta autobaremación é importante, xa que nós non podemos modificar nada do formulario entregado. De non cubrir este apartado, nós non poderíamos marcalo no programa, e polo tanto non habería puntuación dos diferentes apartados que non estén sinalados.

**Teléfonos de interese:**

Colexio	881880801- <b>881880802</b>
Concello de Oleiros	981610000
ANPA Bidueiro	981648501